

## Baltasar Patiño: “O teatro é algo que parece que se pode esmagar sen problema, que pode vir calquera e desfacelo”

Montse Dopico    31/10/2014    Entrevistas, Teatro

As bisagras unen, en movemento, elementos diversos. E iso fan Matarile no seu novo espectáculo. Un concerto no que son, luz e movemento danzan xuntos. No que os corpos son como obxectos pictóricos ou esculturas.



Imaxe de 'Homes Bisagra'. Foto: Rubén Vilanova

Este sitio web utiliza 'cookies' para mellorar a túa experiencia. Ao clicar no botón [aceitar](#) supoñemos que estás conforme con isto. Podes ler máis sobre o tema

[clicando aquí](#)

**M**atarile Teatro presentou no FITO, en Ourense, a terceira peza que estrea nun ano, 'Homes Bisagra', creada e dirixida por Baltasar Patiño. El mesmo defínea como "un concerto no que pasan cousas". O son, creado en directo con sintetizadores de hai 40 anos, interactúa coa luz e co movemento dos corpos de dous actores, Carlos Hermida e Miguel Torres, debuxando imaxes que suxiren situacións, encontros e desencontros... Non hai, nesta obra, máis palabras que as dunha gravación de Artaud. Nin fan falta. O tratamento pictórico, ou se cadra escultórico, das formas creadas ao proxectar luz sobre os corpos ou sobre os obxectos en escena xa fala por si soa. Como o fai a percusión que Nacho Sanz realiza, por veces das maneiras máis inverosímiles, mentres Baltasar manexa, tamén enriba do escenario, os sintetizadores. Ana Vallés dirixiu a parte de movemento, nun espectáculo que se afasta do que adoita facer Matarile. Ou se cadra non tanto. Falamos con Baltasar.

**A obra parte dunha proposta túa a Nacho Sanz, feita hai tempo. Como foi?**

Coñecín a Nacho iluminando noutros espectáculos, hai xa tempo. Fixenlle unha proposta de traballar xuntos. Eu sempre estiven vinculado á produción de son, que me gusta moito. Para min, a luz e o son son o mesmo: sempre constrúo a luz a partir do son. Pasaron case cinco anos desde entón. Polo medio estivemos con outras cousas: Ana Vallés e eu paramos tres anos a estrutura de Matarile, despois volvemos con 'Staying alive' e 'Teatro Invisible'... Decidimos abrir a proposta de 'Homes Bisagra' a dúas persoas máis, Carlos Hermida e Miguel Torres, que veñen do teatro universitario. Ana traballou con Carlos e Miguel por un lado, e polo outro traballabamos Nacho e eu. Nós levábamolles a Ana bases musicais para as súas propostas de movemento. Tardamos bastante en poder xuntarnos todos, porque traballamos nunha situación moi precaria.

**'Homes bisagra' é máis concerto que teatro. O son, a luz, o movemento... evocan situacións.**

É como un concerto no que ocorren cousas. É, nese aspecto, unha novidade dentro do traballo de Matarile. Ademais, as tres obras que estreamos no último ano son, cada unha, como unha parte da historia de Matarile. En 'Staying alive' está máis a danza, en 'Teatro Invisible' hai unha ausencia total de tecnoloxía e en 'Homes Bisagra' está o mundo da música, con ausencia de palabra.

**Utilizades sintetizadores da primeira etapa da música electrónica. Por que?**

Nacho é un virtuoso da música e ademais ten unha colección moi boa de instrumentos históricos. Utilizamos sintetizadores de hai 40 anos, que son como seres vivos. Teñen vida propia, non podes controlalos como queres. Mais tamén teñen unha grande riqueza de son. O son de 'Homes Bisagra' é construído en directo, -agás a gravación de Artaud-. E nós xa asumimos que no directo non vai ser como nos ensaios, porque nunca é igual. É un risco que nos gusta correr.

Tamén estamos a traballar nunha parte de vídeo, que non vai ser un adorno: ten moita potencia. Non puidemos introducilo na estrea en Ourense. Tamén a luz tivemos que facela só un mes antes da estrea, polo tema dos problemas que tivemos coa produción, por culpa do abandono institucional. Acolleunos o cine Alovi, de As Pontes. Tiñamos que andar cada día 200 e pico quilómetros, pero estivo ben. Quen non nos axudou foi Agadic. Estamos moi danados economicamente, mais contentos co resultado de 'Homes Bisagra'. Hai catro anos, cando estabamos con 'Cerrado por aburrimiento', eramos catorce persoas. Era moi complexo. E a quietude de tres anos que tivemos permitiunos reencontrarnos como creadores, reiventarnos, meternos en cousas novas e volver con máis forza.



Na obra é importante o tratamento pictórico dos corpos. Foto: Rubén Vilanova

**Dicías que o vídeo non vai ser un adorno. En realidade, nada o é. Os obxectos, por exemplo, son moi importantes na obra, como o son en 'Teatro Invisible'.**

Si, non son "ocurrencias". Hai un discurso que o fía todo. Non tivemos tempo para pensar máis os obxectos, pero nada está porque si. Os cencerros son do País Vasco, onde os encargamos a medida. É unha chiscadela aos cigarróns... Os obxectos son sempre moi importantes para nós. E non tanto por unha cuestión de carga simbólica, senón pola súa condición de personaxe. A campá dentro da gaiola ten un valor estético grande... Vamos relacionando os obxectos entre si, probando como funcionan... As gaiolas tiveron dentro dúcias de obxectos, ata que quedamos cos que vistes en Ourense. Mesmo non descartamos facer nalgún momento unha exposición de obxectos. Da mesma maneira, Ana é unha gran debuxante e ninguén o sabe... Así que aproveitamos para sacar, no teatro, os outros mundos que levamos dentro.

A cuestión é que demostramos que podemos facer un espectáculo acabado, malia a falta de recursos, tirando por unha vía de música electrónica en estado moi puro. Estamos moi satisfeitos, a verdade. Noutras condicións de produción estaríamos nun 20 ou 30 por cento máis, mais estamos contentos. Ademais, facemos todo nós: a promoción, a web... Estamos traballando no arquivo da compañía, dixitalizando todo o material que temos. A idea é que estea todo o material dispoñible para quen queira consultalo. E, claro, temos moito: En Pé de Pedra, o traballo da compañía desde os 80... Isto é algo que tería que estar feito xa, pero non houbo un organismo decente que se preocupase polo tema dos arquivos das compañías. Xa non existe aquel centro de documentación teatral que comezara...

**Por que se titula 'Homes Bisagra'? Ese é o fío.**

A bisagra é unha peza que serve para articular, unir cousas. É unha articulación. E iso é a obra.

Pezas que se moven e que se articulan: a música, a luz, os corpos...

**O movemento dos corpos suxire encontros e desencontros. Quizais tamén relacións de poder.**

Non era a nosa intención suxerir relacións de poder, pero é algo que nos dixo máis xente. Entendemos que poida interpretarse así. A idea é sempre que o espectador interprete como queira. As obras son abertas, para iso. Se nun espectáculo mostras dúas persoas en relación é inevitable que estea a tensión, o cariño, o abrazo e o empurrón... É o mesmo que ocorre cando vives en parella. Pero non era a nosa intención contar unha historia sobre relacións de poder. Despois está o tema dos corpos: son dous espidos eu creo que moi belos. Non é habitual ver dous corpos masculinos tan expostos. A min interesábame moito a parte pictórica, fotográfica. O estudo fotográfico dos corpos. A luz sobre eles. Os corpos como obxectos.

**Ten algo de tratamento escultórico, si.**

Algo de escultura, de pintura, de tecnoloxía... E iso é o que máis me interesaba. Os bocetos dos corpos, o seu estudo, a luz sobre eles... A relación tan próxima entre os dous corpos saíu moi ben, pero é algo que tamén houbo que traballar. A verdade é que foi un agasallo traballar con Carlos e con Miguel. Sen eles non poderíamos facer nada. Aprendemos máis nós deles que eles de nós. Quédalles un gran camiño por diante, coa súa xuventude.



Luz, son e movemento interactúan en toda a obra. Foto: Rubén Vilanova

**No movemento vese a pegada de Ana. Como en detalles como a perruca, o pintalabios...**

E non só nos detalles. A Ana gústalle moito o cabaré, por exemplo. Eu son máis "escuro". Ela ten esa parte máis "louca": a perruca, o travestismo... O traballo de Ana foi importantísimo en 'Homes Bisagra'. Eu non podería ter feito isto só. O mesmo pasa co traballo de Nacho. Ademais, só con mirarnos xa nos entendemos á perfección. Por iso, sen as propostas de Nacho, este espectáculo sería imposible. Ana respectou moito o meu mundo, e este espectáculo partiu máis de min que dela. Hai cousas que ela faría seguramente doutra maneira mais, claro, ela tamén está aí todo o tempo. E realmente tiñamos ganas de volver traballar así, cun equipo pequeno, con maior proximidade entre nós. A etapa anterior de Matarile foi moi boa pero, claro, eramos 14, e era unha loucura de xestión, coordinación... Necesitabamos saír desa estrutura empresarial, volver ter unha relación máis de creadores que de "industria".

**E a luz? Non deixa de interactuar co son, como dicías ao principio. Hai momentos especialmente bos, como cando achegas tí mesmo o foco aos corpos e fas que os vexamos distintos segundo onde iluminas. En 'Teatro Invisible' había algo semellante.**

Pois a luz é bastante sinxela. Collín, por exemplo, unha lámpada de obra, que é unha idea sinxela e dá moito xogo. Non é unha luz complexa. O cal non significa que sexa fácil. Este tipo de impregnación de luz xa vén de 'Me acordaré de todos vós', que é un traballo que fixo Ana con Teatro de La Abadía, hai anos. A idea é que os actores queden impregnados de luz, nun ambiente escuro. Para facer as cores fun ao meu almacén de filtros. Revisei cores de distintos momentos da miña traxectoria como iluminador.

**No son haberá, supoño, unha parte de improvisación. Tamén hai un anaquiño gravado, a voz de Artaud. E Nacho toca todo. Fai percusión ata co peito dun dos actores. E cunha roda.**

Nacho toca todo, é el así. O do facer percusión cun corpo para el non é novidade. Ten o fillo no colo e fai percusión con el... Proba a ver como soa todo o que toca. Á roda de bicicleta puxémoslle

magnífico. Tivemos sorte de dar cun equipo humano tan bo, como en 'Staying alive'. O de Artaud é unha gravación que conseguimos del. Pasámola a minidisc. Ademais do que el significa para o teatro, a nivel teórico, interesábanos por como soa. Foi un dos primeiros materiais cos que traballamos en 'Homes Bisagra', ademais. No proceso pasou de ser un elemento máis a estar en primeiro plano. Xurdiu a idea de "Radio Artaud", que é co que recibimos a xente ao comezar.

En canto á improvisación, si está, claro. Temos unhas bases de son, pero tamén moita liberdade. Ademais, como che dicía antes, os sintetizadores teñen vida propia. Desafinan porque se quentan. É un material moi sensible, nada que lle toques xa muda o son. O grao de improvisación é, así, moi elevado. Un 70 por cento levámolo pensado, e un 30 por cento inventámolo no momento. Tamén 'Staying alive' ten partes moi abertas, con catro fontes de son que se mesturan en directo, non está todo controlado. E iso é o que nos interesa, esa liberdade e o risco do directo, como nun grupo de jazz. Sempre foi así en Matarile, e cada vez máis.



Baltasar Patiño fai música en directo no escenario. Foto: Manu Lago

#### **Agadic non vos concedeu axuda para 'Homes Bisagra'. Presentastes reclamación e tamén o denunciaches nas redes sociais. Que pasou?**

Pois que como contan tres anos para atrás e Matarile parou tres anos, para eles Matarile vale 0 puntos. 'Staying alive' tivo unha pequena axuda, pero 'Homes Bisagra' nada. O que lles interesa promover é o lado empresarial, e nós non estamos niso. Nós non aspiramos a que nos dean 50.000 euros. Só queremos poder traballar. Segundo Agadic, non temos capacidade de distribución, o cal non é certo porque 'Staying alive' está en catro redes diferentes e foi recoñecida en La Red, a rede española de teatros. Nun ano estreamos 'Staying alive', 'Teatro invisible' e 'Homes Bisagra', pero para Agadic tampouco temos capacidade de produción. Porque se durante tres anos non vendiches nada, non fixeches distribución, non existes. E parece que tampouco vale nada todo o traballo que Matarile leva feito, nin os cartos que a propia Agadic investiu en Matarile. Pois ninguén da institución viu este absurdo. O director non ten nin idea...

#### **Parte do problema foi a puntuación polos actores. Os dous actantes son moi novos, Ana non está sobre o escenario, Nacho é músico...**

Si, mais parece que o meu currículum e o de Ana non valen nada. E iso parécelles normal. Non ten sentido que non puntúe o currículo do iluminador, por exemplo. Ou o do escenógrafo. Nos países civilizadosponse o nome do iluminador debaixo do do director, non se considera unha cousa sen importancia. E aquí é unha cousa aterradora. Parece que calquera pode iluminar. O teatro é algo que parece que se pode magoar, que se pode esmagar sen problema, que pode vir calquera e desfacerlo, porque calquera pode dirixir, iluminar... De feito, o CDG está a prescindir de iluminadores profesionais. E o dos actores novos xa dixeran: tiñamos claro que queriamos apostar por xente nova que é moi boa. Iso tamén debera contar.

A cuestión é que a normativa que temos é absurda. O do criterio dos tres anos é arbitrario. Tampouco entenderon que os dous músicos están en escena, que é un espectáculo de catro e non de dous. E aínda hai quen nos di que tiñamos que ter feito trampa, presentándonos a nova creación.

#### **Iso sería un pouco descarado, cando menos.**

Xa, pero é que no teatro tamén hai moita delincuencia e moito trapicheo. Están a pasar cousas moi gordas. Ás veces non sabes nin que membros tivo a comisión que decide. Agora nós o que podemos facer é molestar a Agadic e reclamar, pero nin tivemos unha resposta. Tampouco hai alí moito con quen falar, porque hai funcionarios que veñen do Xacobeo e de todas esas cousas e que de teatro non saben... Da mesma maneira que o director, que vén da construción. Unha vez díxome que el tamén ía ver "cousas raras". Para que te fagas unha idea. Ademais, para min o que fai o CDG é o raro. Que é o raro e o normal no teatro? Nós seguimos, como segue o FITO, pola súa capacidade de resistencia. Ou como segue o ALT de Vigo. Dous festivais que teñen overbooking. E iso que programan "cousas raras". Porque aquí non importa o que poidas valer, o teu traballo...